

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 6, 35-40

Naquel tempo, díxolle Xesús á xente:

– «Eu son o pan da vida: quen vén onda min non pasará fame e quen cre en min endexamais terá sede. Pero xa vos dixen que, aínda que vistes, non credes.

Todos os que o Pai me entregou, virán onda min; e a quen vén onda min, non o botarei fóra. Pois eu baixei do ceo non para facer a miña vontade, senón a vontade daquel que me mandou. Esta é a vontade daquel que me mandou: que non perda a ningún dos que me entregou, senón que os resucite no derradeiro día.

Esta é, polo tanto, a vontade do meu Pai: que todo aquel que ve ó Fillo e cre nel, teña vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día.»